

A Oficina Municipal de Turismo

Está ubicada na Torre Cadrada do Castelo de Santa Cruz dando resposta á forte demanda existente no Concello de Oleiros, notablemente incrementada nos meses de verán. As novas dependencias, distribuídas en dous andares, albergarán unha oficina técnica e outra de atención ó público con información xenérica e especializada dende o eido local ata o autonómico.

Páxina 26



Concello de  Oleiros

Próximo concurso de parcelas urbanas para 137 novas vivendas das que 105 serán de carácter plurifamiliar en réxime de protección oficial. Páxina 9

Vivir en Oleiros

Número 23
Xullo 2006
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Os parques de Santa Cristina, Santa Cruz e Mera acollen as exposicións temáticas



Novas actuacións viarias: mais fluidez e mellores accesos

Páxinas 4 e 5

O subministro de auga: orixe, atrancos e solución

Páxina 6

REVELA 06: NO CORAZÓN DO CONFLICTO

■ Sete territorios en conflito inmortalizados en 300 fotografías elaboradas por destacados profesionais internacionais constitúen a esencia da 2ª edición do Foro Internacional de Fotorreportaxe e Sociedade que se celebra en Oleiros e pola que xa desfilaron miles de persoas. Unha iniciativa municipal de denuncia social que invita á reflexión e á participación activa dos cidadáns mediante a realización de debates, exposicións, obradoiros e proxeccións que contan coas testemuñas de destacados reporteiros, intelectuais e cronistas políticos.

Páxina 22

MAIS DE 2.500 OLEIRENSES ESTÁN A MOLLARSE EN OLEIROS

Hortas de Verán, campamentos, excursións, artes plásticas, piragüismo, volei, bádminon, capoeira, música, cinema e moitas mais actividades de verán conforman o programa ¡¡MÓLLATE 06!! dirixido a menores de 18 anos con gañas de aventura e diversión. Un ampla oferta municipal na que están a participar mais de 2.500 oleirenses.

Páxinas 18 e 19

Tres novas distincións europeas avalan a calidade e servizos das nosas praias

Páxina 20

Como saber
ónde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 2

Teléfono do VeciñoToda a información de 8 da mañá
a 8 da tarde ininterrompidamente**981 610 000****•Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Protección Civil	981 636 933 ext.112

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 61 47 84
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143

Centros educativos

C. Form. Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Inf. Esquí / Dorneda	981 626 638
Escola Inf. A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Inf. O Vilar / Nos	981 664 257
E. Inf. O Corgo. Dexo	981 628 064
E. Inf. A Pardela / Os Regos	981 631 788
E. Inf. As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
E. Inf. A Canteira / Perillo	981 977 921
I.E.S. Neira Vilas / Perillo	981 638 903
I.E.S. Miraflores / Oleiros	981 631 615
I.E.S. Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
C. Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
C. Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa**O ciclo da lúa**

Chea	11 xuño / 11 xullo / 9 agosto / 7 sept.
Mingua	18 xuño / 17 xullo / 16 agosto / 14 sept.
Nova	25 xuño / 25 xullo / 23 agosto / 22 sept.
Medra	3 xuño / 3 xullo / 2 e 31 agosto / 30 sept.

Transportes**TAXI a domicilio: 981 651 111****Horarios Cal Pita**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables 6,45-6,55-7,10-7,25-7,35-7,45 a 21 cada 15' - 21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' - 21,30 a 22,30 cada 30' Sábados Ida 7,10-7,40-8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30' Dom+fest Ida 7,10-7,40-8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora. Volta 7,35 a 22,35 cada hora Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora. Volta 8,35 a 20,35 cada hora Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora. Volta 10,35 a 20,35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7,05. Volta 7,30 Sábados Ida 8,05-14,05. Volta 8,30-14,30 Dom+fest Ida 10,05-14,05. Volta 10,30-14,30.
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16,05. Volta 16,35 Sábados Ida 16,05-19,05. Volta 16,35-19,35 Dom+fest Ida 16,05-19,05. Volta 16,35-19,35.
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6,55 a 20,55 cada hora-último ás 22. Volta 6,55 a 21,55 cada hora Sábados Ida 6,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 7,55 a 21,55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8,55-10,55-13,05-14,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 9,55 a 21,55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6,25 a 21,25 cada hora. Volta 6,25 a 21,25 cada hora Sábados Ida 6,25-8,25 a 20,55 cada hora-Último ás 22. Volta 7,25 a 21,25 cada hora Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 cada hora-Último ás 22. Volta 8,25 a 21,25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6,50-7,10-13,05- de 7,40 a 20,40 cada hora-De 8 a 12 cada hora-De 14 a 20 cada hora- Último ás 22. Volta 7,10 a 21,10 cada hora-De 7,30 a 19,30 cada hora-20,50-22,30 Sábados Ida 8,50-9,40 a 20,40 cada hora. Volta 9,10 a 21,10 cada hora Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 10,10 a 21,10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8h - a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40 - a Soñeiro 20,40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13,10. Volta de Soñeiro 13,50 Sábados Ida a Oleiros 11-21,10. Volta de Oleiros 11,30-21,45 Dom+fest Ida a Oleiros 10,20 e 13,10. Volta de Oleiros 10,45-13,35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10,30 a 21,30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 cada hora Volta 10,50 a 20,50 cada hora

Aeroporto de Alvedro 981 187 200

Estación autobuses A Coruña 981 184 335

Estación FFCC San Cristovo 981 153 338



*Xa somos
31.774
veciños/las
censados/las!*

Até o 21 de marzo, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.394
DORNEDA (San Martiño)	3.535
IÑÁS (San Xurxo)	1.217
LIÁS (Santa Eulalia)	9.108
MAIANCA (San Cosme)	970
NÓS (San Pedro)	4.109
OLEIROS (Santa María)	2.597
PERILLO (Santa Leocadia)	7.400
SERANTES (San Xulián)	1.444
TOTAL	31.774

Farmacias de garda

	Datas
<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 61 79 37 	Do 7 ó 13 de xullo Do 25 ó 31 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> Mª FREIRE RIAL-TERESA MIGUÉLEZ Avda. Rosalía Castro nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 63 50 24 	Do 14 ó 20 de xullo Do 1 ó 7 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas nº 247 (Nos) • Teléfono: 981 66 38 90 	Do 21 ó 27 de xullo Do 8 ó 14 setembro
<ul style="list-style-type: none"> CARMEN CASARIEGO TORRES Sta. Cruz-Rúa Francisco Comesaña 4-6 (Liás) • Teléfono: 981 61 45 03 	Do 28 de xullo ó 3 de agosto Do 15 ó 21 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 64 84 40 	Do 4 ó 10 de agosto Do 22 ó 28 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, 4 (Liás) • Teléfono: 981 61 41 84 	Do 11 ó 17 de agosto Do 29 de setembro ó 5 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño nº 1-A (Oleiros) • Teléfono: 981 61 00 27 	Do 18 ó 24 de agosto



Alternativa dos veciños

COMEZOU A CAMPAÑA ELECTORAL

A desesperación e a impotencia están a afectar gravemente a aqueles que observan como lexislatura tras lexislatura non dan tomado o poder no Concello de Oleiros.

Proba desta desesperación, son as campañas, cada vez mais agresivas e difamantes, que se están a levar a cabo dende os escanos da oposición municipal. A táctica de **“calumnia que algo queda”** está a abrir a precampaña das próximas eleccións municipais: medios de comunicación que se

prestan ó xogo, dádivas ben colocadas, magnates que corren cos gastos de compra de vontades, persoas rancorosas que non viron compracidos os seus imposibles intereses, cabreados por temas persoais, “amigos” despechados e algunha que outra xente con escuras intencións, compoñen a plataforma para tentar provocar a defunción da Alternativa dos Veciños.

Pero o que parecen descoñecer é que Alternativa dos Veciños é un grupo local

de homes e mulleres que con moito esforzo, cariño e adicación, construíron e dotaron o Concello do que hoxe disfrutamos.

Xentes sinxelas e honestas que dende cada lugar e parroquia, adicaron e adican, gran parte do seu tempo a impedir a especulación nas súas localidades, a preservar a historia, o medio natural, a costa, os bosques, dotando dunha alta calidade de vida os asentamentos urbanos.

Homes e mulleres que, a

pesares de non loitar en igualdade de condicións, seguiran a combater co fin de impedir que o goberno municipal chegue a mans de “persoas” cunha catadura moral que deixa moito que desexar.

Sigan calumniando, sigan mancillando a cidadáns cunha ética e dignidade que nunca puideron socavar.

O tempo, máis cedo que tarde, poñerá a cadaquén no seu lugar como xa o ten feito noutras ocasións.



Partido Popular de Oleiros/ Pablo Cobián Fernández de la Puente. Portavoz Grupo Municipal

UN PLAN GENERAL A LA MEDIDA DEL ALCALDE

Un Plan General es una gran OPORTUNIDAD para viajar al futuro con el consenso de todos los ciudadanos.

Lamentablemente, Ángel García Seoane no piensa así y ha elegido un camino de trabas y oscurantismo con el objetivo de evitar que la oposición pueda controlar la evolución del Plan General.

Toda esta oscura y chapucera aprobación del Plan estaba planeada desde hacía tiempo. Tan

pronto como Seoane regresó a su sillón de alcalde modificó el Reglamento Orgánico para hacer uno a su medida que impidiese a la oposición controlar sus decisiones urbanísticas.

Llegados a este punto, es fácil descubrir que la única motivación del Plan General es dar salida a INTERESES DE CARÁCTER PERSONAL.

Mientras García Seoane ocupaba su puesto de asesor urbanístico y gozaba de información privilegiada

se hizo con el 40% de un labradío de 18.936 m² en la parroquia de Iñás que figuraba en el avance del Plan como PROTECCIÓN FORESTAL Y DE MONTE.

Cual fue nuestra sorpresa cuando en la fase de aprobación definitiva descubrimos que la clasificación de este suelo había cambiado a urbanizable para uso residencial. Y eso sí, ya se cuidó de no verse obligado a construir viviendas de protección oficial. Así las cosas, esta operación le podría reportar

al señor Seoane alrededor de un millón de euros. ¡Menudo negocio! El Partido Popular considera que este ayuntamiento no debería ser una inmobiliaria al servicio de un alcalde y por ello pone a disposición de los ciudadanos que lo estimen oportuno la documentación que acredita estos hechos. Por si quedan dudas, tendrán más información en el próximo número de nuestro boletín “Oleiros Popular”.



Grupo Municipal Socialista

UN PLAN DE URBANISMO ELABORADO SIN CONSENSO Y CON OSCURANTISMO

Nos encontramos en pleno proceso de aprobación de un nuevo Plan General de Urbanismo que es el proyecto que “diseña” nuestro futuro, nuestro bienestar y que ordena nuestro territorio durante los próximos años, programando la forma de nuestra ciudad, del medio natural y costero y la ubicación del sector industrial, comercial y turístico. Un documento del que dependerá nuestra calidad de vida, ya que si se masifica el Ayuntamiento corremos el riesgo de que nuestro entorno se haga más incómodo e inhumano.

El Plan Xeral de Ordenación Municipal ha

planificado deficientemente las infraestructuras necesarias: las carreteras pueden convertir Oleiros en un gueto sin salida. Al no ampliarse los servicios, por ejemplo, la distribución de agua, este puede ser un lugar para sufrir en lugar de para vivir. Y lo que se observa en este nuevo Plan es un urbanismo para los grandes promotores que perpetua el problema de una red viaria inconexa e insuficiente.

Pero sobre todo llama la atención el hecho de que el proceso de elaboración de este Plan se ha hecho con un “sospechoso” oscurantismo, opacidad y secretismo. Se creó una Comisión

de Seguimiento formada por asociaciones de vecinos, no todas, por promotores, ¿quiénes? y por los grupos de la oposición, y a todos se nos convocó en tan solo tres ocasiones, ¡pero ojo! No se nos dejó participar, ni aportar ideas, ni recibimos la información necesaria del proceso. Las tres reuniones fueron para escuchar a un alcalde que hablaba y hablaba de las excelencias del documento pero sin que permitiera participar a nadie, el hablaba y hablaba y cuando terminaba todos a casa, ya había terminado la representación teatral, eso sí, esto servirá para que después se pueda decir que este Plan lo hizo el pueblo, de manera

asamblearia. ¿Ustedes se lo creen? Nosotros no. El grupo de gobierno utiliza mucho la palabra “asamblea” pero desconoce por completo el significado de la palabra “consenso”.

Y así nos encontramos con que a día de hoy, salvo el alcalde y los muy próximos, nadie tiene el documento, a nadie han permitido conocerlo en profundidad, eso sí, ya todo el mundo sabe perfectamente que lo “esconde” para que no pueda utilizarlo en su beneficio ningún especulador, porque en Oleiros ser especulador está mal visto y nadie puede utilizar información privilegiada. ¿Nadie?.....



Bloque Nacionalista Galego / Isaac Rebolo Osorio. Responsábel Local do BNG de Oleiros

“FALAR NON TEN CANCELAS”

Estamos a padecer unha pre-campaña eleitoral orquestrada pola coalición PSOE-PP e baseada no “crítica que algo queda” sen dar alternativas tal e como se demostrou no debate do Plan Xeral, no que a oposición nin falou de cal é o seu proxecto

urbanístico para os vindeiros dez anos. Mentres o BNG defende un modelo de concello a longo, a coalición PSOE-PP adícase descalificar, obstruír e conspirar co único obxectivo de acadar o poder sen un proxecto político criblel

esixindo en Oleiros o que eles mesmos incumpren alí onde gobernaron por máis de vinte anos. ¿Queremos en Oleiros o modelo municipal que PSOE e PP aplicaron (con maiorías absolutas) en A Coruña, Sada, Culleredo, Arteixo ou Cambre?

¿Son eses os modelos urbanísticos que debemos seguir no noso concello? Con eses antecedentes nin PSOE nin PP teñen credibilidade nin nas súas críticas nin nas súas propostas pero, como o falar non ten cancelas...

O CONCELLO ACOMETE NOVAS ACTUACIÓNS NA REDE VIARIA ▼

A Xunta de Galicia tamén realizará melloras en diversas vías da súa competencia

■ *O Departamento de Obras Públicas está inmerso na realización de diversos proxectos de mellora na infraestrutura viaria do Concello de Oleiros que redundarán nunha maior fluidez do tráfico dentro do termo municipal así como nun incremento notable das comunicacións entre os diferentes núcleos urbanos. As principais actuacións a realizar polo consistorio son:*

● CAMBIOS DIRECCION NO NUCLEO DE PERILLO,

motivados pola recente apertura ó tráfico da variante de Perillo que comunicará Bastiagueiro co Lucín, pola zona alta da Ganteira, modificando o sentido da circulación no entorno da Igrexa Parroquial. Como resultado, o último tramo da rúa Xosé Neira Vilas habilitarase só de subida ó igual que a rúa Pintor Abelenda, mentres que, a que discorre por diante da escola infantil quedará de baixada cara Neira Vilas. Dende a Avenida Valle Inclán non se poderá continuar de fronte cara a Casa do Pobo, tendo que dar a volta polo Miradoiro ou pola Rúa da Barreira.



■ Rúa Ricardo Cubeiro, en Santa Cruz, recentemente pavimentada

● NOVAS PAVIMENTACIÓNS MUNICIPAIS NAS RÚAS DE: ▼

■ DORNEDA

- O VENCELLO
- RIALTA

■ LIÁNS

- ACCESO URBANIZACIÓN OS REGOS
- NOVO ACCESO CODESAL- O SEIXO
- EIRA DA CONCHA
- FRANZOMEL
- MONTROVE
- NÉBEDA
- PARAÍSO
- PRAZA DE LIÁNS
- RÍO EO
- ROMARDEIRO
- XARDÍN DE GÓMEZ
- XENZA

■ DEXO-LORBÉ

- A LAPA
- LODEIRA. DO MOLLÓN Á ESTRADA DE PORTELO
- OS SALGUEIROS

■ MAIANCA

- A BRAÑA. EDIFICIOS DA LAGOA
- AREOSA - MAIANCA

■ NÓS

- A BARCALA
- CASCAXEIRA
- ESTORNIÑO - O VIEIRO
- MAHATMA GANDHI - O VIEIRO
- VALIÑO
- XOSÉ BAENA

■ PERILLO

- OS GORRIÓNS
- FONTE LEOCADIA

■ SERANTES

- A GÁNDARA
- PINAR DO RÍO
- AS PEDREIRAS. XOÉS

■ RÚA DE MOLINA. IÑÁS

■ APARCAMENTO DO IESP MIRAFLORES. OLEIROS

● A AVENIDA SALVADOR ALLENDE,

que acometerá a Xunta de Galicia en resposta ás reclamacións do Concello para proceder á renovación integral do pavimento á altura da zona de Vilanova, na actualidade moi deteriorado.



● MELLORAS NA ESTRADA

ARILLO-OLEIROS, de competencia autonómica, que se atopa nun estado lamentable, polo que o Concello urxe a execución inmediata do proxecto xa redactado. O Goberno municipal está a negociar ademais a creación dun andén peonil, por unha das marxes, no tramo de Xaz a Pousada permitindo ós veciños o tránsito seguro e cómodo entre as localidades de Oleiros e Arillo. O consistorio está tentando unha negociación cos propietarios para construír unha rotonda no cruce de Abeleiras.

OUTRAS ACTUACIÓNS DE INTERESE

● **CONTRATACIÓN DA 2º FASE DO ABASTECIMENTO EN RIALTA**, iniciada polo Concello dentro do proxecto de renovación das tuberías de subministro no ámbito da urbanización. Eliminaranse as canalizacións obsoletas de cara a unha notable mellora na rede de distribución e procederase á dotación dunha nova acometida a través da rúa do Vencello. Deste xeito, evitarase que o consumo da parte inferior desta zona residencial afecte ás zonas altas, asegurando a continuidade do servizo mesmo en caso de avería na rede principal. As obras teñen un importe aproximado de 160.000 euros.

● **DEMOLICIÓN EN O PORTELO**, dun voladizo pertencente a unha construción ubicada a carón da cala a modo de terraza. A actuación foi executada polo departamento municipal de Obras Públicas, dacordo co seu propietario, xa que estaba a afeaar a paisaxe invadindo a costa sobre unha praia que gañou un maior aproveitamento, mellorando a estética natural e ambiental.



■ O Concello de Oleiros habilitará un acceso peonil de madeira ata o mar

EN MARCHA AS NOVAS VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL

◆ Xa comezou a construción das novas vivendas de protección oficial que se van ubicar nas localidades de Canide (18), O Seixal (33) e en A Barreira-Perillo (26), polo que en breve se procederá á súa convocatoria pública, que será exclusiva para os veciños do termo municipal de Oleiros.

O Goberno local ten previsto dar por válida a documentación entregada en ocasións anteriores por aquelas persoas que xa optaron a outros procesos e non resultaron adxudicatarios, **tendo que presentar unicamente** os novos documentos que, dende primeiros de ano, esixe a Xunta de Galicia tras a aprobación da nova normativa en materia de vivenda a nivel estatal.

CANDO A AUGA NON CHEGA A OLEIROS

AS ORIXES

Lamentablemente e logo dun ano de infructuosas xestións ante EMALCSA, empresa subministradora de auga, e ante AUGAS DE GALICIA, dependente da Xunta de Galicia, o Concello de Oleiros vén de sufrir fortes carencias no abastecemento a numerosos domicilios de determinadas localidades do noso municipio que dependen, directamente, do colector xeral que subministra ó consistorio dende os depósitos reguladores instalados no alto do Espírito Santo, pertencente ó Concello de Bergondo.

A SOLUCIÓN

Para evitar e solventar esta situación, O Concello de Oleiros trasladou a EMALCSA e a AUGAS DE GALICIA a necesidade urxente de incrementar a sección do colector xeral así como a supresión ó mesmo dos entronques derivados a Sada e Cambre. Para acometer esta actuación era preciso realizar unha serie de obras nas inmediacións dos depósitos reguladores de Bergondo.

OS ATRANCOS

A excesiva burocracia e a desidia de EMALCSA, responsable do subministro, impediron que as citadas melloras se realizasen. Asimesmo, as imposicións expresas feitas por AUGAS DE GALICIA ó Concello de Oleiros para o desenvolvemento dos traballos, que non son competencia municipal e que implican intervencións na rede xeral doutro municipio, chegan á **aberrante e esperpéntica situación de pretender obrigarse a este Concello a solicitarlle ó de Bergondo a inexistencia de taxas á Xunta de Galicia, e a que compremos os terreos para acometer unhas melloras de interese xeral da Comunidade Autónoma en canto afecta ó abastecemento de augas na comarca metropolitana de A Coruña.**

En último caso, entendemos que sería EMALCSA, como empresa subministradora, a responsable de realizar todos estes trámites administrativos ante os concellos implicados. E a gota que colma o vaso a pon **AUGAS DE GALICIA cando esixe ó Concello de Oleiros que incorpore os custes das obras en vindeiras facturas con cargo a todos os veciños do municipio.**

Sobre o contido neste capítulo xuntamos copia do documento orixinal para comprobar a veracidade das afirmacións verquidas.

O DETONANTE

A carencia de auga coincide cunha ola de calor que provocou un notable incremento no consumo habitual, deixando patente a precariedade e insuficiencia da instalación que nos nutre de líquido debido, máis concretamente ó escaso diámetro do mencionado colector, encargado de subministrar ós municipios de Sada, Cambre e Oleiros. Se a isto engadimos que estamos situados ó remate da rede de distribución e a inexistencia de depósitos propios nos outros dous concellos, o resultado é unha mesma tubería para todos e unha entrada mínima de caudal para Oleiros, imposible de satisfacer e garantir a correspondente distribución polo territorio pese a dispór dunha moderna e ampla rede municipal de abastecemento.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

AUGAS DE GALICIA
Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9 - 15781 Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
AUGAS DE GALICIA
08830 31.05.06
SANTIAGO DE COMPOSTELA
SAIDA

Cartera certificada en nome do rexistro de datos 22.06.06

ASUNTO: "MELLORAS NO DEPÓSITO DE BERGONDO. OLEIROS - BERGONDO (A CORUÑA)". (OH.215.721).

No Plano Hidrolóxico de Galicia, e no período de planificación nel previsto, inclúense actuacións a realizar nese Concello correspondentes ás obras sinaladas, segundo o proxecto remitido polo Concello de Oleiros a Augas de Galicia, cun orzamento de execución por contrata de 59.998,80 €.

Co fin de tramita-lo expediente para proceder á execución das obras, e de acordo co Decreto 84/1997, do 10 de abril, (D.O.G. do 24.04.97), sobre colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas, é necesario que por parte do Concello de Oleiros se nos remita a seguinte documentación:

- **CERTIFICADO do PLENO** do Concello no que se adopten os seguintes acordos:
 - 1º.- Aprobación do proxecto.
 - 2º.- Solicitar, á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100 % do custo das obras.
 - 3º.- Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas, realizando as xestións necesarias co Concello de Bergondo, por executarse as obras en terreos que son da súa titularidade.
 - 4º.- Xestionar co Concello de Bergondo a renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.
 - 5º.- Certificar que as obras do proxecto serán executadas en terreos pertencentes á infraestruturas xa existentes e, polo tanto, non é necesario o trámite de información pública..
 - 6º.- Compromiso de asumi-la explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectua-los traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.
 - 7º.- Compromiso de **actualización das tarifas** pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización (Art. 9f. do Decreto 84/1997).

REGISTRO
ENTRADA
Nº de rexistro: 2006009258
Data: 02/06/2006 14:17:45
Concello de Oleiros

A ACTUACIÓN

Ante esta situación incongruente, paradóxica e absurda e dada a gravidade do problema, que precisa dunha urxente solución para o bo funcionamento e desempeño da vida diaria de centos de persoas, o Goberno Local adoptou a decisión de abordar as obras máis inmediatas, con cargo ós orzamentos municipais, co fin de subsanar a situación e asegurar o abastecemento a todos os veciños. Os traballos, que xa se iniciaron hai mais dun mes, cun custe de 59.998 euros, estanse efectuando nas inmediacións do bombeo de Bergondo coa inestimable colaboración deste municipio.

O 1 DE AGOSTO AMPLIAMOS O SERVIZO MUNICIPAL DE LIMPEZA DE XARDÍNS NAS URBANIZACIÓNS ▼

◆ O Concello de Oleiros levou a cabo o seu compromiso de asumir o mantemento e conservación dos xardíns e zonas verdes ubicadas en diversas urbanizacións, ata o de agora realizado polas entidades veciñais residentes nesas áreas. A partida orzamentaria habilitada para financiar durante os dous vindeiros anos os traballos será de 1.200.000 euros, destinados á realización, por parte dunha empresa especializada, de tarefas de mellora, coidado e adecentamento de zonas arbóreas e axardinadas de titularidade pública, pero situadas dentro dos 18 complexos residenciais que decidiron sumarse a esta iniciativa tras numerosas reunións con membros do goberno local.

Ata a actualidade, cada urbanización estivo desenvolvendo as labores de conservación co fin de non interromper os traballos de limpeza e coidado diario das mesmas. Nos últimos tres anos o Concello comezou a sufragar parte dos gastos, alcanzando o 75% no 2005.

A esta medida hai que sumar o compromiso na dotación de novo mobiliario urbano e mellora dalgunhas infraestructuras que se atopaban en estado de deterioro, procedendo á reposición de varias beirarrúas, asfaltado de vías e reparación e mellora do alumeadado público.



■ Parque público na Urbanización Icaria

▼ A MELLORA DAS ÁREAS DE LECER



■ O estudio técnico revela que os xogos infantís son seguros e cumpren coa normativa

◆ A Concellería de Obras Públicas en colaboración co Departamento de Servizos Municipais realizaron nos últimos meses un exhaustivo estudio sobre o estado e mantemento dos preto de **45 parques infantís** existentes no Concello de Oleiros para proceder á realización dos traballos de restauración e mellora de diversos espazos públicos de recreo, notablemente deteriorados polo uso e o paso do tempo.

Aínda que non se percibiron anomalías graves nin carencias que impidiran o uso de ditas instalacións, o goberno municipal está a acometer un importante proceso de reforma coa dotación de novos materiais e a modernización do mobiliario urbano, mais acorde ás necesidades dos cativos e á normativa vixente. Nalgúns casos, mellorouse o pavimento e parte do xogos destinados ós máis pequenos.

Protección civil informa

◆ Como novidade, o Concello puxo en marcha un servizo especial nas principais áreas urbanas, integrado por membros de Protección Civil, para informar ós cidadáns sobre a nova sinalización implantada nos parques e zonas verdes para delimitar as áreas de xogos, segundo as idades dos usuarios, con especial atención á prohibición de acceder ás mesmas con animais. Ó longo desta campaña divulgativa darase coñecemento público dos lugares de tránsito habilitados para os cans e a importancia do respecto e cumprimento da ordenanza municipal. Tamén se insiste na obrigatoriedade de recoller os seus refugallos en bolsas, para o que se colocaron máquinas expendedoras gratuítas.

A modernización e optimización dos recursos existentes nos parques municipais constitúe unha das prioridades do goberno, que está a estudar un novo modelo de xestión que garanta un servizo de calidade e permanencia continuada para a súa conservación.



■ As máquinas expendedoras de bolsas son unha das novidades ó servizo dos usuarios

ADXUDICADAS AS OBRAS DO NOVO AUDITORIO MUNICIPAL DE BASTIAGUEIRO ▼

Pese a todos os que tentaron impedilo cunha férrea oposición ó Goberno Municipal

◆ O pasado mes de abril adxudicouse o proxecto e a obra de construción do que será o novo auditorio municipal de Oleiros, que se ubicará na explanada de Bastiagueiro, fronte ás instalacións do INEF e xunto ó Parque Metropolitano. Esta nova actuación suporá a consolidación definitiva da zona como un complexo temático adicado ó desenvolvemento da cultura e o deporte.

Rupturista, impactante e integrador. Así será o novo edificio deseñado por VIER Arquitectos SL, autores da maqueta gañadora e redactores do proxecto definitivo que será entregado no consistorio a finais deste mes. A elección baseouse nun criterio de relevancia e entidade infraestructural do que pretende ser o novo referente cultural, social e estético non só de Oleiros, senón da Área Metropolitana, pola súa ubicación estratéxica e proximidade á cidade herculina.

A realización da obra, adxudicada en 8.475.300 euros, será de dezaoto meses e levarase a cabo nos máis de 21.000 metros cadrados cedidos pola Deputación Provincial de A Coruña segundo acordo inicial adoptado o pasado mes de xuño.

A nova instalación municipal estará equipada con modernas dependencias capaces de albergar a incesante demanda rexistrada nos últimos anos, permitindo ademais ampliar a oferta de actividades culturais e sociais para disfrute dos cidadáns.

3.000 m² de superficie para un edificio que contará con salas polivalentes destinadas a teatro, auditorio e palacio de congresos, ademais de acoller a nova sede da Escola Municipal de Danza. O aforo principal terá capacidade para 1.000 persoas e outro adicional para 300, existindo en ambos casos a posibilidade de compartimento dos espazos para acadar zonas máis reducidas segundo a necesidade dos espectáculos. As áreas de exposicións e usos múltiples completan os servizos dun auditorio moderno, accesible e dotado coas últimas tecnoloxías de luz e son. No exterior, a ordenación dos espazos dará paso a amplas zonas verdes e de aparcamento nunha área equipada con todos os recursos urbanos.



Finalmente, o Goberno quere agradecer as dilixentes xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, dende a Consellería de Facenda, usufructuaria do solo, así como a vontade explícita do Presidente da Deputación de A Coruña, ó tempo que lamenta os atrancos postos por algúns sectores da Universidade e dos grupos da oposición de Oleiros para impedir a construción deste novo edificio.

▼ MÁIS INFORMADO, MÁIS PARTICIPATIVO



◆ Todas as parroquias contan xa con paneis luminosos informativos.

A **implantación de dez novos paneis** nas localidades do municipio supón a permanente aposta do goberno pola proliferación de novas canles de comunicación institucionais ó servizo dos cidadáns, moi demandada e con gran aceptación segundo se constata na última enquisa municipal efectuada. Esta actuación, que requiriu dun investimento inicial de 180.000 euros, permite achegar ós oleirenses e usuarios das vías públicas a información puntual e diaria do acontecer municipal, a toda cor, nas diferentes áreas, dun xeito inmediato, cómodo e directo. A difusión de mensaxes de carácter social e conciencia cívica é outro exemplo da política comprometida e solidaria que, como medio público, se encarga de promover e divulgar. Durante a tempada estival procederase tamén á inserción de recomendacións, notas alusivas ó estado meteorolóxico e algúns consellos sobre a adopción de medidas preventivas en praias e estradas. A cor e un novo sistema de escritura dixital fan máis visible, atractivo e intelixible o seu contido, facilitando unha rápida lectura sen distraccións.

NOVOS PANEIS

- Montrove
- Dexo
- Lorbé
- Arillo
- Mera
- Oleiros
- Coruxo de Arriba
- Vilar
- O Seixal e Iñás

MÁIS ARCÉNS E BEIRARRÚAS POR COLABORACIÓN CIDADÁ ▼

■ *Seguimos unindo parroquias, localidades e pequenos núcleos de poboación mediante a construción de novos arcéns e beirarrúas gracias á inestimable colaboración cidadá e ó elevado grao de conciencia e compromiso social que fan posible a posta en disposición do Concello do solo necesario para a realización deste tipo de infraestructuras de seguridade peonil nas nosas estradas.*

Nesta ocasión tócalle o turno ós tramos de:

Montrove - As Pedras, pola marxe dereita. Avda. Rosalía de Castro. Permite conectar peonilmente Montrove e Perillo.	124.00 euros
Maianca - Broño. Avenida Tierno Galván.	199.000 euros
Coruxo - Cruce da estrada de Meirás, en Santa Cruz. Rúa Concepción Arenal.	148.000 euros
Dorneda - Santa Cruz. Avenida República Argentina.	235.000 euros
Abeleiras - Franzomel. Avenida Emilia Pardo Bazán.	146.000 euros
Rúa Leticia, en Oleiros, en ambas marxes. Permite conectar o Cruceiro coa Rabadeira.	
Pousada - Igrexa de Oleiros. Rúa do Río.	216.000 euros
Urbanización da rúa Xosé Neira Vilas, en Perillo.	200.000 euros

◆ O Concello de Oleiros quere agradecer a confianza e colaboración dos veciños na execución destas obras, que xa elevan a 44 os proxectos realizados nos que colaboraron 606 propietarios e que afectan a máis de 2.702 terreos. Este método de xestión, centrado no acordo e o consenso compensatorio, entre os veciños e a administración local, axiliza e posibilita a consolidación dun servizo imprescindible para a seguridade dos peóns e a unión das diferentes localidades que, de non ser así, obrigaríanos a recorrer ó caduco sistema da lei de réxime local, con expropiacións e imposición de contribucións especiais que retardarían anos o que en Oleiros xa é realidade.

Cada vez son máis os oleirenses que demandan este tipo de actuacións para obter, con eficacia e axilidade, novas dotacións viarias que velen polas miles de persoas que todos os días transitan polas vías públicas como sinal de calidade de vida e benestar social.



■ Andén Maianca-Broño



■ Rúa Neira Vilas

A CONCURSO NOVAS PARCELAS URBANAS PARA 137 VIVENDAS EN OLEIROS ▼

◆ O Concello de Oleiros saca a concurso público a venda de parcelas urbanas adicadas á construción de 137 novas vivendas no termo municipal distribuídas nas parroquias de Maianca-Mera, Iñas, Nos, Oleiros, Liáns e Perillo. Trátase de solo municipal destinado a 32 edificacións de carácter unifamiliar (illadas ou paredadas) e 105 plurifamiliares en réxime de prezo protexido. A adquisición destas últimas leva parella a obriga de vendelas a cidadáns oleirenses.

Os interesados no proceso de venda poderán dirixirse á oficina da Secretaría Xeral, sita no primeiro andar da Casa do Concello, para solicitar máis información ou realizar calquera consulta ó respecto.

UBICACIÓNS E CARACTERÍSTICAS ▼

- **IÑÁS.** 1 vivenda unifamiliar illada
- **LIÁNS.** Santa Cruz. 87 vivendas de protección en Meixonfrío
- **MAIANCA – MERA.** Punxeiro. 1 vivenda unifamiliar illada
Canide. 5 vivendas unifamiliares illadas e 8 unifamiliares dosadas
- **NOS.** O Vieiro. 5 vivendas unifamiliares paredadas
- **OLEIROS.** A Pezoca. 10 vivendas plurifamiliares de protección e 6 unifamiliares
Detrás de Casa Charry. 8 vivendas plurifamiliares de protección e 5 unifamiliares dosadas
- **PERILLO.** As Cancelas. 1 vivenda unifamiliar illada

APROBADO O PLAN XERAL ▼

■ **O alcalde, acompañado polos redactores, entregou o documento ó Director Xeral de Política Territorial o pasado 1 de xuño.**

◆ O Concello de Oleiros está á espera, dende o pasado 1 de xuño, da aprobación definitiva do que será o terceiro Plan Xeral de Ordenación Municipal dende a implantación da democracia. O documento foi entregado polo rexedor local ó Director Xeral de Política Territorial durante un encontro solicitado polo mandatario, ó que acudiron tamén os técnicos redactores e os municipais, tras a súa aprobación provisional no pleno celebrado o pasado 16 de maio cos votos a favor do goberno municipal, composto por Alternativa dos Veciños e Bloque Nacionalista Galego, ante a ausencia do PSOE e cos votos en contra do PP.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes é, agora, a encargada de estudar a totalidade dos textos e emitir un informe ó respecto que deberá facer público transcorridos tres meses dende a mencionada entrega, o que no situaría no mes de setembro.

Mentres tanto, dende o pasado mes de maio atópanse a disposición pública nas oficinas xerais do consistorio, así como na web institucional, sección Territorio, o contido do informe elaborado polo equipo redactor ás 1.278 alegacións presentadas ó PXOM. Todos os afectados e interesados en coñecer as respostas ás súas propostas poderán continuar demandando esta información ata o momento da aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia. Dende o Concello estase a ofrecer copia das mesmas acompañadas dos seus respectivos planos, salvo no caso das peticións que resultaron desestimadas e, polo tanto, non sufriron modificacións. Este documento, de carácter público, é meramente informativo, polo que non cabe a posibilidade, nesta fase, de presentar recurso algún, tendo que esperar á resolución definitiva do expediente para recorrer pola vía do contencioso - administrativo.

Das alegacións presentadas foron aprobadas 484, resultando denegadas tan só aquelas que pretendían un cambio de clasificación do solo en ámbitos de protección forestal, zona de costas ou áreas de alto valor paisaxístico. O resultado deste informe fala dun elevado número de

respostas positivas en atención das demandas cidadáns, que foron mínimas en relación co ámbito de ordenación territorial comprendido.

Este Plan é unha continuidade dos dous anteriores, que posibilitaron, a través do seu desenvolvemento, que Oleiros sexa hoxe un municipio singular e cunha alta calidade de vida. O novo documento segue apostando pola preservación ambiental e a ordenación de baixas densidades, priorizando un crecemento sostible e a creación daquelas infraestruturas necesarias que o futuro desenvolvemento demandará: viarias, deportivas e mellora dos colectores de abastecemento de auga e almacenaxe. Así mesmo, o novo planeamento obrigará á construción dun 20% de vivendas de prezo taxado en todas as actuacións urbanas que se executen.

Como non podía ser doutra forma, o 3º Plan Xeral non resulta do gusto dos membros da oposición, polo que, carentes de argumento algún contra o mesmo, non asistiron ás preceptivas comisións informativas convocadas en tempo e forma, boicoteando a sesión plenaria ademais de difamar e desviar o centro do debate coas "pertenencias" do alcalde.

A situación non é nova. Con este tipo de actitude e sabedores de que o goberno municipal contaba cos 11 votos necesarios para a aprobación do planeamento, ó igual que en ocasións anteriores, tentaron cautivar o voto dos 794 alegantes ós que se lles desestimaron as súas propostas por non estar amparadas na normativa urbanística.

O goberno local lamenta que o grupo socialista formara parte como figurante do bochornoso e escandaloso espectáculo representado pola compañía de comediantes do Partido Popular de Oleiros.

Máis do 90 % dos 315 concellos que integran a nosa comunidade autónoma carecen de Plan Xeral logo de vintecinco anos de corporacións democráticas.

O OUTRO URBANISMO ▼

◆ Para facernos unha idea de certas pretensións amosámoslles unha maqueta, que forma parte do arquivo municipal, na que se recolle a actuación que se quería executar na localidade de Santa Cruz na etapa anterior á toma do goberno por Alternativa dos Veciños con motivo das primeiras eleccións democráticas.

Unha imaxe reveladora de como pretendían facer desaparecer todo selo de identidade do núcleo de Santa Cruz a excepción do Castelo, que se habilitaría como residencia privada dun coñecido promotor, feito que impediu o actual goberno municipal mediante a recuperación da titularidade de tan singular e emblemático monumento histórico e garantir a súa preservación como patrimonio de todos os oleirenses.

Na actualidade están rondando pola periferia certos individuos con parecidas pretensións formando parte do grupo opresor ó goberno local.



OLEIROS.ORG APOSTA POR NOVOS SERVIZOS MÁIS ACCESIBLES ▼

41.570 visitas e 1.200 subscritores avalan a prestación e relevancia pública dos seus contidos



■ O Concello de Oleiros atópase inmerso nun proceso de reestructuración de contidos da súa páxina web. Este proxecto, paralelo ó desenvolvemento do Plan Municipal de Comunicacións levado a cabo dende comezos de ano, pretende a remodelación dunha das canles institucionais de comunicación máis consolidadas e con maior aceptación, segundo se desprende da última enquisa oficial realizada recentemente polo equipo de goberno. Proba diso son os 1.200 subscritores e as 7.290 visitas mensuais rexistradas no primeiro semestre do ano.

◆ As actuacións previstas están a afectar, principalmente, ós contidos das diferentes áreas recollidas na web, establecendo unha nova división temática que facilita un acceso máis rápido e sinxelo ó usuario, ó tempo que permite unha identificación visual inmediata. Como resultado, gañárase en capacidade, axilidade de xestión e unha mellor adecuación ás necesidades dos internautas que de cotío conectan con www.oleiros.es.

A ampliación da oferta informativa é outro dos retos acometidos neste proceso nun intento por aproveitar os recursos municipais existentes. Así, incorporamos a edición dixital do xornal institucional "Vivir en Oleiros", dende o número un editado hai xa nove anos, ata o 23, agora nas súas mans. Novas tramitacións telemáticas e o acceso a procedementos administrativos públicos de carácter puntual súmanse tamén á era das novas tecnoloxías na que o movemento asociativo local e as entidades veciñais contarán cun espazo propio para a divulgación das súas actividades principais. Unha nova plataforma para a que, día a día, se traballa con esforzo e interese por dinamizar e potenciar o eido local.



Falan as cifras ▼



◆ No que vai de ano, a web institucional recibiu preto de 41.570 visitas procedentes de diversos países do mundo, aínda que case tres tercios corresponden a consultas nacionais. En segundo lugar sitúanse os Estados Unidos, con 8.355 entradas, Portugal (426) e o Reino Unido con 154. O resto responde a unha diversidade moi ampla e plural, destacando lugares tan illados e curiosos como Alxeria, China, Eslovaquia, India ou Normandía.

A media diaria de entradas establécense en torno ás 243, rexistrando picos elevados que rondan as 1.000 visitas/día coincidindo coa oferta de procedementos administrativos de relevancia municipal. A media mensual queda fixada, de xaneiro a xullo, en 7.290 visitas, concentradas na súa maioría de 10:00 a 14:00 horas, durante a mañá, con especial incidencia arredor das 13:00, e de 17:00 a 20:00 horas, con maior afluencia de entradas ás 18:00. Os luns e os domingos son os días da semana elixidos pola maioría dos usuarios seguidos de martes, mércores e xoves, descendendo notablemente os venres e sábados. Os meses de abril, maio e xuño recolleron o maior volume de consultas no que vai de ano, tal vez ante a inminente chegada da tempada estival e as novas programacións turísticas e de tempo libre.

Sen dúbida, unha boa mostra de que o esforzo humano, técnico e económico que está a realizar o goberno local na aposta por reforzar os medios de comunicación institucionais está a recoller os seus froitos cumprindo co obxectivo vital de informar ó cidadán e atender as súas necesidades básicas de coñecemento exhaustivo da vida municipal.



Cada gota de auga é unha gota de vida.

▶ **Non a derrames**
▶ **É UN RECURSO ESGOTABLE**

Opine vostede

1

A Fiscalía ▼



■ O Fiscal Xefe de Galicia non denuncia ó Alcalde de Oleiros, como reza este titular, senón que o fixo o Sr. Cobián o pasado mes de marzo en representación do Partido Popular. O fiscal limitouse a poñer en coñecemento do xulgado a denuncia do PP para investigar os feitos sobre o expediente das contribucións especiais por obras de beirarrúas que se impediron facer por achegados ó PP.

2

O Boicot ▼



presentadas por los vecinos. El PSOE denunció también la falta de información y transparencia. "La película que vende de participación es todo mentira", dijo Covadonga Díaz.

■ En alusión ás declaracións efectuadas pola concelleira socialista, Covadonga Díaz, sobre a falla de información e transparencia, poden comprobar os documentos que acreditan as citacións

efectuadas ós edís do PSOE e PP para participar nas comisións informativas do Plan e nas comisións de seguimento cos representantes das asociacións de veciños, na que si participaron a diferenza da primeira á que non asistiu ningún representante da oposición pese a tratarse dunha xunta preceptiva á aprobación do PXOM, que preferiron boicotear ó igual que fixeron na sesión plenaria celebrada para a súa votación.

Coas probas na man

CONCELLO DE OLEIROS

FOLLA DE RECEPCION DE NOTIFICACION DE CONVOCATORIA

- Organo: CC.II. "Urbanismo, Obras Particulares, Obras Públicas e Servizos"
- Decreto convocatoria: 2.035/06
- Data da convocatoria: 04/05/2006
- Data da xuntanza: 08/05/2006
- Hora: 11:00

CONCELLEIRO/A	
01.- Manuel Fernández Siso (A.V.)	
02.- Daniel Romero Cajigal (A.V.)	
03.- Pablo Cobián Fernández de la Puente (P.P.) (*)	(*) Recibe as notificacións a funcionaria do grupo "popular", por autorización d@s Concelleir@s do devandito Grupo convocados/as:
04.- Juan M. Páramo Neyra (P.P.) (*)	Fdo:
05.- José M. Ricoy Candamio (PSOE) (**)	(**) Recibe as notificacións a funcionaria do grupo "socialista", por autorización d@s Concelleir@s do devandito Grupo convocados/as:
06.- Covadonga Díaz Varela (PSOE) (**)	Fdo:
07.- Antón M. Tenreiro Ferreiro (BNG)	
08.- Interventor Municipal	

Praza de Galicia, nº 1 - Telf.: 981.61.00.00 - Fax: 981.63.10.29 15173 Oleiros (A Coruña)

CONCELLO DE OLEIROS

Expte: 10/1050/06/51

Notificación

Poño no seu coñecemento que pola providencia de data 23/03/2006, o alcalde da Corporación tomou a resolución que transcrita literalmente di:

A Comisión de seguimento dos traballos de revisión do Plan Xeral municipal de Ordenación reuniuse no mes de maio do ano 2005, antes da aprobación inicial da revisión e adaptación do PXMO.

O pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 31 de maio do 2005, aprobou inicialmente o documento de revisión e adaptación do PXMO. Tras este acordo abriuse un período de información pública dun mes durante o que se presentaron alegacións.

Nestes momentos, unha vez informadas as alegacións presentadas durante o prazo concedido, procede que teña lugar unha nova sesión da comisión de seguimento para poder expoñer as liñas xerais dos traballos

Pola presente, e en uso das facultades que me outorgan as normas en vigor, resolvo:

Primeiro.- Se convoca ós membros da comisión de seguimento da revisión e adaptación do PXMO para a sesión que terá lugar o vindeiro día 28 de marzo, martes, ás 20:00 horas en primeira convocatoria, na sala de xuntas da Casa do Concello, e que terá como único punto da orde do día o seguinte:

- Exposición das liñas xerais do informe das alegacións presentadas durante o período de información pública aberto trala aprobación inicial da revisión do PXMO que tivo lugar o 31/05/2005.

Segundo.- Esta convocatoria será notificada ós membros da comisión e ó responsable de redacción do documento de revisión do PXMO para a súa asistencia.

O que lle notifico en cumprimento do artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Oleiros, 23 de marzo do 2006
O secretario xeral
Manuel Paz Taboada

Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE

Praza de Galicia, Nº 1 - Telf.: (981) 61 00 00 Fax: (981) 63 10 29 15173 Oleiros A Coruña 1

CITACIONES PARA PARTICIPAR NO ESTUDIO DOS DOCUMENTOS DO PLAN XERAL



NON QUEDA DUDA ALGUNHA DE QUEN APLICA A FALLA DE TRANSPARENCIA

CONCELLO DE OLEIROS

Expte:

Notificación

Poño no seu coñecemento que pola providencia de data 23/03/2006, o alcalde da Corporación tomou a resolución que transcrita literalmente di:

A Comisión de seguimento dos traballos de revisión do Plan Xeral municipal de Ordenación reuniuse no mes de maio do ano 2005, antes da aprobación inicial da revisión e adaptación do PXMO.

O pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 31 de maio do 2005, aprobou inicialmente o documento de revisión e adaptación do PXMO. Tras este acordo abriuse un período de información pública dun mes durante o que se presentaron alegacións.

Nestes momentos, unha vez informadas as alegacións presentadas durante o prazo concedido, procede que teña lugar unha nova sesión da comisión de seguimento para poder expoñer as liñas xerais dos traballos

Pola presente, e en uso das facultades que me outorgan as normas en vigor, resolvo:

Primeiro.- Se convoca ós membros da comisión de seguimento da revisión e adaptación do PXMO para a sesión que terá lugar o vindeiro día 28 de marzo, martes, ás 20:00 horas en primeira convocatoria, na sala de xuntas da Casa do Concello, e que terá como único punto da orde do día o seguinte:

- Exposición das liñas xerais do informe das alegacións presentadas durante o período de información pública aberto trala aprobación inicial da revisión do PXMO que tivo lugar o 31/05/2005.

Segundo.- Esta convocatoria será notificada ós membros da comisión e ó responsable de redacción do documento de revisión do PXMO para a súa asistencia.

O que lle notifico en cumprimento do artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Oleiros, 23 de marzo do 2006
O secretario xeral
Manuel Paz Taboada

Grupo Municipal do Partido Popular

Praza de Galicia, Nº 1 - Telf.: (981) 61 00 00 Fax: (981) 63 10 29 15173 Oleiros A Coruña 1

3

O PXOM e Fomento

Titulares, como o desta nova, aportados pola oposición PP-PSOE ós medios de comunicación quedan en evidencia á vista do seguinte documento, situado á dereita, requirido hai un ano polo goberno municipal ós responsables do Ministerio de Fomento a través da Delegación do Goberno. Ó non contestar no prazo dun mes obtense resposta positiva por silencio administrativo.

MINTEN PARA DESACREDITAR A NOSA XESTIÓN

4

Viena

El PP acusa a Seoane de "pulirse 9.000 euros" en ir a Viena

Aseguran que cargó el viaje al Concello

Redacción
OLEIROS

y medio de pesetas en un fin de semana" y denuncian que a los oleirenses les ha costado 9.000

Nin o alcalde foi a Viena, nin se desprazou a participar en ningunha contra cumbre birrexional, nin se aloxou en hoteis de cinco estrelas, nin viaxou en primeira, nin se "puliu" 9.000 euros. O Alcalde desprazouse á cidade de Innsbruck para participar nun congreso de municipios con 35 países europeos para debater a mellora dos servizos municipais e a aplicación de novas tecnoloxías nos concellos.

Para elo, nin viaxou en primeira, nin se aloxou en hoteis de cinco estrelas. O gasto orixinado alcanzou os 2.477,49 euros, incluídas as dietas.

A DESVERGONZA E A CALUMNIA PRESIDEN TODOS OS ACTOS DO PP OLEIRENSE

5

As pertencencias

Á VISTA DISTO




Cobián aseguró que él y su grupo siguen convencidos de lo que dijeron en el pleno y añadió que el cambio de calificación de la parcela no figuraba en el avance del plan que fue expuesto al público el año pasado, sino que se incluyó en el documento presentado al pleno para su aprobación el martes.

E DISTO


PÓDESE COMPROBAR

que o plano exposto ó público na aprobación inicial do Plan o 31 de maio de 2005 é idéntico ó da aprobación provisional do 16 de maio de 2006. Ambos están certificados polos técnicos e o secretario municipal.

■ A finca adquirida hai seis anos polo Alcalde e outros catro veciños de Oleiros non ten a clasificación de urbana, pese a contar con todos os servizos, e está suxeita á obrigada participación nunha actuación urbanística na que os propietarios teñen que ceder máis do 50% do solo para zonas verdes e de equipamento, aportar o 10% do solo construíble ó Concello aplicándose a edificabilidade máis baixa do Plan: 10 vivendas por hectárea e un 0,20 m²/m² de construción, e asumir a totalidade dos custes derivados da dotación de infraestruturas viarias e servizos no ámbito da actuación. SI O SR. COBIÁN GOBERNARA, ¿APLICARÍANSE TALES CONDICIÓNS A SÚA PROPIEDAD?. SEGURO QUE NON.



■ Plano de Aprobación Inicial do 2005



■ Plano de Aprobación Provisional do 2006

● Finca alcalde

■ DE SEGUIR COA SÚA ACTITUDE, PINOCHO SERÁ UNHA CARICATURA Ó SEU LADO

6 Alcalde "promotor" ▶

■ **O Alcalde de Oleiros**, ó igual que calquera persoa afectada polo desenvolvemento urbanístico que forme parte dunha Xunta de Compensación, **está na obriga** de ingresar o IVE en Facenda precisando, para elo, **cursar unha alta coa súa correspondente baixa**, nas oficinas da Axencia Tributaria dentro do mesmo exercicio **por seren operacións ocasionais**, segundo o artigo 5.1d) da Lei do Imposto sobre o Valor Engadido na que se inclúen ós propietarios na categoría de empresarios ou profesionais. E así se constata á vista do seguinte documento que recolle a Declaración Censal de alta, modificación e baixa no Censo de obrigados tributarios (Modelo 036) do Ministerio de Facenda presentada polo Alcalde, Ángel García Seoane, para o correspondente ingreso do IVE.

Agencia Tributaria
 1 Delegación de LA CORUÑA
 2 Administración de LA CORUÑA
 3 Código de Administración 15600

Declaración Censal
 de alta, modificación y baja en el Censo de obligados tributarios

Modelo **036**

Datos identificativos Pág. 1A

Espacio reservado para la etiqueta identificativa

036300976732 1

A) Persona física residente

5 N.I.F. / 6 Apellidos y nombre
 76.316.992 W GARCIA SEOANE, ANGEL

Domicilio fiscal

10 S.G. 11 Nombre de la vía pública 12 Núm. 13 Esc. 14 Piso 15 Prta. 16 Teléfono

17 Código Postal 18 Municipio Cód. Municipio 19 Provincia Cód. Provincia

15179 OLEIROS LA CORUÑA

20 Dirección correo electrónico 21 Dominio o dirección Internet

Domicilio gestión administrativa (si es distinto del fiscal)

25 S.G. 26 Nombre de la vía pública 27 Núm. 28 Esc. 29 Piso 30 Prta. 31 Teléfono

32 Código Postal 33 Municipio Cód. Municipio 34 Provincia Cód. Provincia

Declaración de actividades y locales (actividad principal) 036300976732 1 Pág. 4A

N.I.F. Apellidos y nombre o razón o denominación social
 76.316.992 W GARCIA SEOANE, ANGEL

B) Actividad económica

400 Descripción de la actividad 402 Grupo o epígrafe I.A.E. 403 Tipo de actividad 404 Cód. Actividad

VENTA PARCELAS PERTENEC A JUNTA COMPEN.

■ **Nembargantes**, e ante a campaña de manipulación e distorsións emprendida contra a súa persoa, García Seoane con data 28-06-06 dirixiuse á Fiscalía do Tribunal Superior de Galicia para pórse a disposición do Fiscal Xefe co fin de que inicie calquera investigación que considere oportuna sobre a súa actividade pública e privada ó amparo das normas básicas de respecto e lealdade que deben imperar nun estado de dereito e democracia.



▶ **Ademais deste proba esclarecedora**, o rexedor local puxo a disposición de todos os veciños e interesados as súas últimas declaracións da Renda e Patrimonio entregadas ante a Axencia Tributaria. A información atópase colgada na páxina web municipal, na sección de actualidade, xesto bastante insólito e, seguro que, único entre os alcaldes das corporacións locais de España.

FISCALÍA DEL TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA
 PLAZA DE GALICIA
 29 JUN. 2006
 REGISTRO DE ENTRADA

Concello de Oleiros
ALCALDÍA

D. Angel García Seoane, Alcalde do Concello de Oleiros, pon en coñecemento da Fiscalía a campaña mediática da que está a ser obxecto esta Alcaldía, e a nivel persoal o alcalde, na que estimo se transgreden todas as normas básicas de convivencia e respecto que deben existir nunha sociedade de dereito e democrática, que está a perxudicar de xeito considerable tanto a imaxe pública do Concello e do seu Goberno municipal, como a miña particular.

Insultos, amenazas, coaccións, difamacións e calumnias impregnan a vida municipal, alentado todo elo, desde un medio informativo local, penso que utilizado e predisposto por intereses que descoñece o servizo de grupos ou personas.

Lamentablemente, a situación que se está a crear tamen afecta ó bo funcionamento dos servizos municipais e orxina incertidumbre e agobio entre os traballadores.

Polo exposto,

Solicítolle me conceda unha entrevista na que expoñerlle polo miúdo a situación que se está a vivir e na que, como me permito adiantarlle, me pondrei a súa total disposición para que, si así o estimase oportuno, esa fiscalía leve a cabo calquer investigación que considere, acerca da miña actividade, tanto pública como privada.

Dada a gravidade do asunto a tratar, agardo que as súas múltiples ocupacións lle permitan atender esta solicitude no prazo máis breve posible.

Atentamente,

En Oleiros, a 28 de xuño de 2006.
 CALDAIA
 Asdo. Ángel García Seoane

FISCALIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 Att. Ilmo. Sr. D. Carlos Varela García




Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf. 981 610 000. Fax 981 610 526. alcaldia@oleiros.org

7 Ameazas e Extorsións

■ En definitiva, todo o conxunto de actuacións burdas, infames, ruíns, sucias e sinistras con manipulacións e terxiversacións informativas incluídas e canalizadas a través de soportes mediáticos teñen co fin último IMPEDIR A APROBACIÓN DO PXOM por non axustarse ós intereses da oposición formada polo equipo PP-PSOE, de Oleiros. Proba disto, son as numerosas campañas de empapelado levadas a cabo polas parroquias do municipio ou a recollida de firmas realizada na cidade de A Coruña e noutros lugares da comarca contra o novo planeamento de ordenación para a que se solicitaban encuestadoras, a través dun anuncio publicado en "La Voz de Galicia" con data 19-05-06, ás que lles pagaban 0,30 euros por sinatura ó superar un mínimo de cen.

■ Pero estas actividades van acompañadas de numerosas escenas de ameazas contra concelleiros e funcionarios deste Concello e membros de asociacións veciñais protagonizadas por persoas sen escrúpulos que só pretender enturbar a tranquilidade e o benestar das persoas de ben que viven en Oleiros ó igual que fan cando acoden como coro da oposición a alterar o desenvolvemento institucional das sesións plenarias. Individuos vencellados a promotores con turbios intereses que están a financiar este tipo de campañas de confusión e desinformación, de manipulación e mentira, onde todo vale porque algo quede.

Este conxunto de feitos, que puideran ser constitutivos de delito, levou o pasado 5 de xuño ó Goberno Municipal a presentar unha denuncia formal ante o Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza para que iniciase as investigacións e dilixencias oportunas contra este grupo de individuos que está a alterar o Concello de Oleiros e ós seus cidadáns. O documento entregado, amosado a continuación, foi admitido a trámite pola Fiscalía nun tempo récord como se pode comprobar no escrito de resposta reproducido á dereita.



ESTE VERÁN ¡¡MÓLLATE!! EN OLEIROS ▼

Os meses de xullo e agosto preséntanse cargados de actividades educativas, culturais e deportivas de carácter lúdico centradas especialmente nos máis cativos e nos adolescentes coa finalidade de cubrir as súas necesidades de ocio e tempo libre mediante a utilización de dous únicos ingredientes: entretemento e aprendizaxe. Campamentos e minicampamentos divididos por idades, excursións e as xa tradicionais Hortas de Verán conforman un amplo abano de posibilidades que concluirán

alá polo mes de setembro coa celebración de Algo Juapo, unha iniciativa baseada na realización dunha macrofesta de despedida na que se involucran todos os protagonistas dos programas promovidos polo Concello de Oleiros para a tempada estival. Se te apuntaches nalgún curso destas características ou queres coñecer o calendario de actividades programadas, non tes máis que botar unha ollada á seguinte información.

HORTAS DE VERÁN

Destinadas a nenos de **3 a 6 anos +** os grupos de **2 anos de idade das escolas municipais infantís**. Sesións dunha hora á semana durante os meses de xullo e agosto. Non hai límite de prazas.



MINICAMPAMENTOS

Destinados a rapaces de **3 a 6 anos** divididos en dúas modalidades:

- **Mini 3:** Tres días en horario de 10:00 a 19:00 sen pernoctar en tenda
 - "OS PICARIÑOS": CEP Luis Seoane. Mera. Do 26 ó 28 de xullo. 25 prazas
 - "O AFAR": CEIP Parga Pondal. Santa Cruz. Do 9 ó 11 de agosto. 25 prazas
- **Mini 5:** Cinco días en horario de 10:00 a 19:00 horas podendo durmir nas tendas o 4º día.
 - "O CASTELO": CEIP Parga Pondal. Santa Cruz. Do 28 de agosto ó 1 de setembro. 25 prazas



CAMPAMENTOS

Destinados a rapaces de **7 a 10 anos** divididos en dous grupos con horario de 10:00 a 19:00 horas o 1º e 2º día podendo durmir en tenda o 3º e 4º. Conclúen o 5º día ás 13:00 horas.

- "MORRO DE CANIDE": CEP Luis Seoane. Mera. Do 17 ó 21 de xullo. 30 prazas
- "O BAÑIL": CEIP Parga Pondal. Santa Cruz. Do 31 de xullo ó 4 de agosto. 30 prazas

EXCURSIÓNS DE VERÁN

Para rapaces de **7 a 10 anos**, de tres días de duración

- "ALVARELLA". Fragas do Eume. Do 16 ó 18 de agosto. 40 prazas

Para rapaces de **11 a 14 anos**, de cinco días de duración

- "TARAMUNDI". Asturias. Do 3 ó 7 de agosto. 30 prazas
- "CAUREL ROMANO". León. Do 21 ó 25 de agosto. 35 prazas



ALGO JUAPO

◆ Será a segunda edición dunha iniciativa destinada a todos os rapaces que participaron nas excursións e nos campamentos de verán coa intención de pasar unha xornada de festa e convivencia na que poder intercambiar as experiencias vividas lembrando máis dunha aventura e algunha que outra trasnada.



As citas serán o sábado, 9 de setembro, de 5 a 8 do serán para os participantes nas excursións de **7 a 11 anos**. O día 16 tocaralle o turno ós asistentes ós campamentos en horario de 4 a 6 da tarde para os cativos e de 6 a 8 para os maiores. Nesta festa de despedida do verán tamén haberá contacontos, títeres, concertos e unha divertida merenda. Durante a celebración darase a coñecer a programación prevista polo Concello de Oleiros para os meses de outono, na que esperamos participen todos os xóvenes oleiroses como ata o de agora.

DEPORTES PASADOS POR AUGA ▼

◆ Para facer fronte ós meses máis calorosos do ano, o Servizo Municipal de Deportes elaborou unha refrescante e variada proposta que convida a mergullarse no mar disfrutando da realización de prácticas deportivas nas que a aventura e o risco supoñen un atractivo engadido para os máis atrevidos. Exercicio físico e diversión para combater os grados ó sol.




■ Kayak de Mar en Bastiagueiro:

■ **CURSOS: Obligatorio saber nadar.** De luns a venres

Dúas quendas: de 10:00 a 12:00 h. **para rapaces de 10 a 13 anos,**
de 12:00 a 14:00 para rapaces **14 a 17 anos**

- 1º Curso: Xa celebrado.
- 2º Curso: Do 17 ó 28 de xullo (agás o 25 de xullo).
- 3º Curso: Do 31 de xullo ó 11 de agosto.
- 4º Curso: Do 14 ó 25 de agosto.



■ EXCURSIÓN EN KAYAK DE MAR

Obrigatorio saber nadar.

Maiores de 18 anos e de 14 acompañados de adulto

Ruta de tres horas pola Costa de Oleiros con saída e regreso dende o local náutico municipal da praia de Bastiagueiro.

- 9 de agosto de 18:30 a 21:30 horas.



■ Iniciación ó Remo na Escola Municipal de A Fábrica

Obrigatorio saber nadar

De 8 a 15 anos.

- 1º e 2º Curso: Xa celebrados.
- 3º Curso: Do 17 ó 21 de xullo, de 11:00 a 13:00 horas.
- 4º Curso: Do 31 de xullo ó 4 de agosto, de 11:00 a 13:00 horas.
- 5º Curso: Do 7 ó 13 de agosto, de 16:00 a 18:00 horas.
- 6º Curso: Do 21 ó 25 de agosto, de 16:00 a 18:00 horas.

Para maiores de 18

- 1º Curso: Xa celebrado.
- 2º Curso: Do 7 ó 13 de agosto, de 18:00 a 20:00 horas.

ALTERNATIVAS DE POLIDEPORTIVO

Polideportivo Municipal de Bastiagueiro. Luns, mércores e venres.

Bádminton para maiores de 18 anos

- 1º Quenda: Do 3 ó 31 de xullo, de 20:00 a 21:00 horas.
- 2º Quenda: Do 2 ó 30 de agosto, de 10:00 a 11:00 horas.

Baloncesto de 14 a 17 anos

- 1º Quenda: Do 3 ó 31 de xullo, de 10:00 a 11:00 horas.
- 2º Quenda: Do 2 ó 30 de agosto, de 10:00 a 11:00 horas.

Iniciación Tenis de Mesa de 9 a 13 anos

- 1º Quenda: Do 3 ó 31 de xullo, de 11:00 a 12:00 horas.
- 2º Quenda: Do 2 ó 30 de agosto, de 11:00 a 12:00 horas.

■ Natación na Piscina Municipal de Perillo

De 3 a 14 anos. Meses de xullo e agosto.
Información na Praza da Canteira/Perillo
e no Tfno.: 981/ 634 030.

■ Volei – Praia en Bastiagueiro.

A partires de 14 anos. Todos os mércores, xoves e venres en horario de 11:30 a 13:00

- 1º Curso: Do 3 ó 28 de xullo.
- 2º Curso Do 2 ó 25 de agosto.



Xogos aplicados á Educación Física de 3 a 7 anos

1) Desde o 4 de xullo ao 31 de agosto no **polideportivo Municipal de Bastiagueiro, martes e xoves (agás o 25 de xullo).**

- 1º Quenda: 3, 4 e 5 anos, de 10:00 a 11:00 horas.
- 2º Quenda: 6 e 7 anos, de 11:00 a 12:00 horas.

2) Desde o 5 de xullo ao 28 de agosto na **Casa do Pobo de Lorbé. Luns e mércores.**

- 1º Quenda: 3, 4 e 5 anos, de 10:00 a 11:00 horas.
- 2º Quenda: 6 e 7 anos, de 11:00 a 12:00 horas.

As datas para os teus campamentos deportivos ▼

Surf, piragüismo, escalada deportiva e un longo etcétera de actividades dunha semana de duración, de luns a venres, en horario de 10:00 a 14:00 horas. Inclúe servizo de transporte dende distintos puntos do municipio partindo dos pavillóns municipais de Canide e Perillo.

- 1ª e 2ª quenda: Xa celebradas
- 3ª quenda: Do 17 ao 21 de xullo para idades de **12 e 13 anos.**
- 4ª quenda: Do 7 ao 11 de agosto para idades de **8 e 9 anos.**
- 5ª quenda: Do 21 ao 25 de agosto para idades de **10 a 11 anos.**

A HORA DAS COMPETICIÓNS ▼

- XV Bandeira de Traíñas: 27 de agosto a partires das 11:30 horas na praia de Mera.
- Torneo de Fútbol: durante o mes de agosto. Para todos os clubs modestos do concello.
- Torneo de Balonmán: 2 e 3 de setembro no pavillón municipal de Perillo.

SEGURIDADE CIDADÁ E LIMPEZA VIARIA: A CARA E A CRUZ DO VERÁN ▼

■ A tempada estival é sinónimo de bo tempo, de praias e terrazas, de turistas e un percorrer continuo de xente polas rúas. Para facer fronte á xa habitual afluencia de veraneantes polo noso municipio, o Concello de Oleiros dispón dende o pasado un de xuño dun amplo dispositivo de servizos humanos e técnicos adicionais, capaces de asumir nos meses de verán o incremento de traballo nos areais e en materia de limpeza de espazos públicos e seguridade cidadá. Boa mostra son os novos e recentes galardóns concedidos pola Unión Europea en recoñecemento ás nosas praias ante a calidade das súas augas e a dotación de servizos que prestan ós usuarios, que este ano incorporan a adquisición de tres desfibriladores a disposición dos servizos sanitarios para intervencións de carácter máis urxente.

NAS PRAIAS

◆ Dúas Bandeiras Azuis que se renovan en Bastiagueiro e Mera e unha distinción temática ó servizo de salvamento e socorrismo polo esforzo especial e o traballo continuo que desempeñan os **vintecatro socorristas** que conforman a plantilla destinada a velar pola seguridade dos bañistas nas praias de Bastiagueiro, Santa Cruz, Naval e Mera, mentres que en Santa Cristina salvamento e limpeza forman parte dun convenio de colaboración coa cidade de A Coruña.

O servizo municipal de socorrismo, especializado e debidamente cualificado, está a ser reforzado coa presenza de membros de Protección Civil para o desempeño de tarefas informativas, ordenación de áreas de aparcamento e organización de grandes eventos veraniegos nos que participan un elevado número de persoas.



■ Bandeira Azul en Mera



■ Imaxe dun dos novos desfibriladores

NAS RÚAS

◆ Por outra banda, a Policía Local de Oleiros tamén conta con **catro novos auxiliares** para incrementar as patrullas de vixilancia e control permanente nas rúas oleirenses ante o considerable aumento de vehículos nas distintas vías públicas e a ampliación do horario nocturno para os establecementos de ocio. Deste xeito, o goberno pretende reforzar un servizo público de atención directa ó cidadá.

NOS PARQUES E NAS PRAZAS

◆ O departamento de Servizos Municipais foi outro dos que aumentou a dotación de persoal coa contratación de **dez operarios** que forman parte dunha brigada especial encargada do mantemento e adecuación das principais áreas urbanas e zonas de influencia de praias. Este operativo realizará labores de limpeza viaria, coidado de espazos e supervisión do mobiliario urbano.

Os espazos
públicos son teus



pero tamén son deles



POLO BEN
DE TODOS

RESPECTA
AS NORMAS

115 VIAXES PARA OS PARTICIPANTES DA 5ª EDICIÓN DE XOVEOLEIROS E OCIOLEIROS ▼

■ **50 expedicións foron ofertadas a maiores de 18 anos polo sistema de sorteo público.**

◆ O pasado mes de xuño clausuráronse as actividades da 5ª edición de Xoveoleiros e Ocioleiros cun dos niveis de participación máis altos da súa historia, chegando a superar as 1.300 inscricións. O acto central estivo protagonizado polo sorteo de 50 viaxes que realizarán no mes de Setembro 30 participantes de Xoveoleiros, con idades comprendidas entre os 36 e os 60 anos, e 20 de Ocioleiros, de 18 a 35.

A concesión deste premio, moi ansiado por todos os participantes, supón o recoñecemento a unha asistencia continua e permanente ás clases celebradas durante o curso, posto que só poden optar os participantes con menos de tres fallas. O nome dos afortunados deuse a coñecer durante a celebración do acto de fin de curso realizado na pista polideportiva do Centro Municipal de Formación de Os Regos, na que non faltou a música nin as degustacións gastronómicas.

O destino elexido polos premiados será novamente Cuba, opción máis votada fronte a un alternativo cruceiro polo Mediterráneo.



■ Panorámica da xuntanza de fin de curso celebrada en Os Regos

Os mozos de Ocioleiros ÓS PIRINEOS

◆ Pero os máis cativos de Ocioleiros, de 14 a 18 anos, tamén tiveron a súa particular festa de clausura nas instalacións do Centro de Formación Municipal. Houbo actuacións musicais e máis de un tivo a oportunidade de amosar os coñecementos adquiridos durante o curso deleitando ós asistentes cunha exhibición de capoeira. Tamén para primeiros de Setembro, sesenta e cinco alumnos viaxarán ó Pirineo Aragonés durante uns días para disfrutar de actividades ó aire libre fomentando o contacto coa natureza con excursións e roteiros por unha das paisaxes máis fermosas do territorio nacional.

Boa viaxe a todos.




■ Exhibición de Capoeira na festa de Ocioleiros

■ **O pracer da lectura é un ben ó teu alcance.**

■ **Aproveita o verán para mergullarte nos libros.**

■ **Usa o Servizo Gratuito de Préstamo das Bibliotecas de Oleiros.**



REVELA 06: ▼

UNHA VIAXE POLOS TERRITORIOS EN CONFLICTO

■ Dende o pasado 29 de xuño miles de persoas iniciaron unha particular viaxe polos principais **TERRITORIOS EN CONFLICTO** existentes en diferentes latitudes do mundo sen ter que moverse, para elo, do Concello de Oleiros.

◆ Neste percorrido, que remata o 19 deste mes, están acompañados por decenas de profesionais, fotógrafos e reporteiros de guerra, intelectuais e outras persoalidades cun profundo coñecemento desta temática que está a centrar a celebración, por segundo ano consecutivo de **REVELA, II FORO INTERNACIONAL DE FOTORREPORTAXE E SOCIEDADE**, un evento social e cultural que ten o seu eixo central nunha ampla exposición fotográfica convertida en testemuña indiscutible dos centos de conflitos armados e civís que están a destruír, asoballar e relegar nun estado de precariedade e pobreza absolutas a centos de pobos e os seus cidadáns. Paralelamente, desenvólvense ciclos de conferencias, debates e foros de opinión cos que se tenta espertar o espírito crítico do público asistente para que se empape de novos coñecementos, axudando a crear un movemento de concienciación social que vaia máis alá do comportamento pasivo dun simple espectador.

◆ Os parques José Martí, en Santa Cristina, Luís Seoane, en Santa Cruz, e Mera son durante estes días un museo ó aire libre aberto ás olladas das miles de persoas que se achegan a ver e comprobar a ampla selección de traballos realizados por prestixiosos fotógrafos e axencias internacionais sobre os principais conflitos vivos en diferentes partes do planeta. Instantáneas impactantes, sorprendentes, escalofrantes, vivas, esclarecedoras e desgarradoras que describen por sí soas os detalles da realidade diaria da **DIÁSPORA PALESTINA, IRAQ, SUDÁN, O CONGO, CHECHENIA, O SÁHARA E HAITÍ**, centros de conflito sobradamente coñecidos por todos gracias ós medios de comunicación social.



PARTICIPACIÓN ACTIVA

◆ Agora con REVELA temos a oportunidade de dar un paso máis e coñecer os horrores da guerra e a destrución, de pobos abocados ó desastre e de milleiros de civís indefensos, ameazados e destinados a vivir en territorios de ninguén, nunhas terras na procura da paz. Así o amosan os mellores profesionais e enviados de axencias coas súas fotografías, pero tamén durante a celebración dos **obradoiros** interactivos nos que participan persoas coñecidas e anónimas, expertas e profanas na materia. Así se plasma en **Revela Debates**, un activo da conciencia crítica a través do fomento de encontros e foros de opinión social no que se involucran intelectuais, fotógrafos e reporteiros da talla de Jon Sistiaga, Santiago Carrillo ou Manolo Rivas, testemuñas directas de numerosos conflitos bélicos que

escribiron a nosa historia e a de outros moitos pobos, capaces de transmitir unha realidade que pretende non resultar indiferente a ninguén. Unha iniciativa na que o público, unha vez máis, síntese participe amosando as súas opinións, dúbidas e suxerencias entre as que destaca a implicación de xóvenes universitarios que concorren a estes debates, así como ó programa **de proxeccións** en torno ó que se concentran numerosos autores, docentes e expertos que fan posible o xurdimento de ponencias paralelas.

◆ Sen dúbida, o exemplo máis claro de sensibilidade, compromiso e conciencia social entre a poboación xuvenil queda patente co éxito acadado durante a celebración de **Revela na Escola**. Esta actividade persigue,

mediante a elaboración de traballos fotográficos por parte dos alumnos dos institutos de Oleiros e dos centros de secundaria, públicos e privados, de Galicia, a implicación dos nosos mozos en temáticas de gran relevancia co fin de que atopen neste tipo de eventos unha nova canle de información e comunicación ó tempo que descubren outros mundos alternativos a súa vida de cotío, alentando unha visión crítica e constructiva sobre o que acontece ó seu redor, convertíndoos en autores e espectadores dos seus propios proxectos. Os máis significativos móstranse no Parque Luis Seoane, de Santa Cruz, acompañando ás exposicións da presente edición que chegará ó seu remate o día 19 coa celebración dunha xornada de clausura na que haberá sorpresa incluída.

COMPROMETIDOS COA PAZ, SOLIDARIOS COS QUE SOFREN

■ Nos últimos meses, a política de Cooperación Internacional levada a cabo no Concello de Oleiros volveu a ser noticia pola presenza no noso municipio de dous ilustres representantes das cidades de Belén e Calcuta, fortemente castigadas pola pobreza, o subdesenvolvemento e os conflitos armados. Unha vez máis, os oleirenses tiveron a oportunidade de ver e escoitar as testemuñas en primeira persoa da dura batalla que ambos libran contra a miseria e o asoballamento ó que se atopan sometidos estes pobos.

NO CORAZÓN DE BELÉN

◆ O primeiro en facelo foi o alcalde da cidade de Belén, Víctor Batarseh, quen pasou polo auditorio de A Fábrica para ofrecer unha conferencia sobre a situación extrema que atravesamos o pobo palestino non sen antes ser recibido polo alcalde e os membros do goberno local para amosarlle o apoio dos oleirenses e o firme compromiso de colaboración institucional para a posta en marcha de accións de axuda internacional nun xesto de man tendida á solidariedade de cara un difícil proceso de paz que poña fin á loita armada e á situación de cerco na que se atopan inmersos.



■ O Alcalde de Belén na conferencia ofrecida na Fábrica



■ García Seoane recibiu no seu despacho a Urmi Basu, de Calcuta

SOS CALCUTA

◆ Non menos escalofriante foi o relato ofrecido nunha charla celebrada en Casa Charry por Urmi Basu, unha traballadora social residente nun dos barrios máis desfavorecidos da cidade india de Calcuta, verdadeira protagonista da creación dun proxecto humanitario destinado ó coidado e mellora das condicións infrahumanas nas que viven os nenos dos chamados **barrios rojos**, auténticos viveiros de pobreza e enfermidade, sobre os que se asenta a principal área de prostitución feminina. Urmi Basu estivo co mandatario local para solicitarlle axuda gubernamental, levando por resposta a inclusión inmediata do proxecto "New Light", que ela dirixe, no programa municipal de Cooperación Internacional mediante o que destinaremos boa parte do presuposto dispoñible para dotación de novos recursos e infraestruturas que garantan o dereito básico á educación e á sanidade en condicións óptimas. Tamén contribuiremos á posta en marcha de programas sociais e culturais para o desenvolvemento intelectual da súa poboación.

ESCOLAS INFANTÍS NO BERCE DO VOLUNTARIADO EUROPEO

◆ Tamén de colaboración internacional fala o último e recente convenio asinado polo Concello de Oleiros coa Fundación Paideia Galiza. Trátase dun proxecto europeo subscrito polo Servizo Municipal de Voluntariado que posibilitou a acollida de dúas xóvenes estranxeiras que xa levan máis dun mes traballando connosco, concretamente, nas escolas infantís de A Pardela e As Galeras. No primeira está destinada Alessandra, de nacionalidade italiana, que permanecerá realizando labores de apoio durante nove meses, mentres que na de Bastiagueiro, Karoline, de orixe alemán, estará por un período dun ano. Aínda que non se trata de persoal laboral contratado, seguro que o seu paso polas escolas permitirá que os máis cativos aprendan, mediante o xogo, a familiarizarse con outros idiomas e culturas. Unha experiencia enriquecedora, pioneira en Galicia, e que tamén teñen a oportunidade de disfrutar dende o ano 2000 os mozos oleirenses de 18 a 25 anos que viaxan a países europeos como Francia, Alemaña ou Italia mediante outros programas europeos de intercambio.



■ Un intre da sinatura do convenio entre Rosalía Mera e Elena Otero, responsables da Fundación Paideia e dos Servizos Sociais de Oleiros, respectivamente

SE QUERES, PODES

**▶ CONTA SOLIDARIA PERMANENTE:
2091-0064-58-304001138**

AS ESCOLAS MUNICIPAIS DE REMO E BALONMÁN NO MÁIS ALTO DO PODIO ▶

◆ Durante o último trimestre foron moitos os oleirenses que se subiron ós podios autonómicos e nacionais como premio ó excelente traballo desempeñado dende os seus clubs nas súas respectivas modalidades. Os últimos en facelo foron os compoñentes do equipo infantil de balonmán da EPAAT de Oleiros, como subcampións galegos, e as cadetes e xuvenís do Club de Remo, que foron prata no Campionato de España de bateis e primeiras na bandeira “da Marcha Mundial das Mulleres de traíneiriñas”, disputada no mes de maio.

Todos foron recibidos, como é costume nestes casos, polo Alcalde, Ángel García Seoane, e o Concelleiro de Deportes, Antón Tenreiro, nun acto institucional no que foron os auténticos protagonistas en recoñecemento ó esforzo, constancia e afán de superación amosados durante o seu paso polas escolas municipais, creadas para o fomento da práctica deportiva local, e a intachable traxectoria nos seus respectivos clubs. Noraboa a todos por seren, ademais de campións, embaixadores de Oleiros nos podios máis altos do deporte galego e nacional, como de seguro quedará patente na Gran Festa do Deporte que está previsto celebrar durante o verán no pazo de As Cadenas, en Nós.

O goberno local segue a traballar polo fomento do deporte de base coa ollada posta, de cara ó vindeiro curso, na realización de máis proxectos, como a creación de novas escolas para os alumnos de primaria e secundaria nun intento por continuar implantando auténticos viveiros de futuras promesas.



■ De esqda. a drta.: Iris, Ricardo, Lucía, Esther, Marco, Angeles, Marta, Alex, Mónica, María, Lidia e Estela co alcalde e o concelleiro de deportes.



■ Fila superior de esqda. a drta.: Héctor, Xandro, Pepe, Flavi, Pedro, Sergio e Bruno. Fila inferior de esqda. a drta.: Arán, Marcos, David e Jean. No centro: o alcalde, adestrador e concelleiro de deportes.


O DORNEDA CLUB DE FÚTBOL EN 2ª REXIONAL ▼

◆ Outro clube que vén de saborear o mel do éxito é o Dorneda Club de Fútbol, recentemente ascendido a Segunda Rexional logo dunha inmillorable tempada repleta de bo xogo, traballo en equipo e un notable labor de superación. Sementes que, sen dúbida, deron o seu froito elevando a este clube a unha categoría superior que permitirá o seu paseo por importantes campos de fútbol de toda Galicia para gozo e disfrute de todos os oleirenses. Noraboa ós xogadores, ó equipo técnico e directivo e, sobor de todo, ós afeccionados.

LEMBRA OS NOVOS HORARIOS DA RECOLLIDA DE LIXO PARA O VERÁN

■ En MERA e SAN PEDRO: de 06:00 a 12:30 horas

■ En PERILLO, MERA, SANTA CRUZ e SANTA CRISTINA: de 23:00 a 05:30 horas
(retirada de inertes con vehículos de carga lateral)



OS CONTENEDORES TAMÉN TEÑEN HORA DE PECHE

RESPECTAOS POLA TÚA SAÚDE

MÁIS DE 5.000 OLEIRENSES PARTICIPARON NAS ACTIVIDADES DA REDE MUNICIPAL DE BIBLIOTECAS NO ÚLTIMO SEMESTRE ▼

■ *As Bibliotecas Municipais de Oleiros pecharon o curso escolar 05/06 co rexistro dun dos niveis de participación cidadá máis elevados da súa historia. Dende o pasado mes de febreiro, máis de 4.000 escolares interviñeron nos programas de promoción da lectura e na Hora do Conto, organizados pola rede pública de bibliotecas e desenvolto nas diferentes instalacións distribuídas por todas as localidades. Outra boa nova é que durante o presente exercicio tamén acudiron ás actividades preto de 900 pais e 140 mestres dos centros de ensino públicos.*

◆ Boa mostra da intensa e variada actividade municipal é o último premio que o Ministerio de Cultura concedeu, por segunda vez, ó Concello de Oleiros, distinguíndoo pola excelente programación elaborada para o fomento e divulgación da lectura entre a poboación. Pero 30 cativos oleirenses tamén recibiron a súa particular medalla de mans da Xunta de Galicia cando, nun acto celebrado na Fábrica, se lles fixo entrega dos exemplares dun libro que eles mesmos comezaron a escribir, formando parte dunha longa lista de escolares implicados na elaboración de pequenos relatos como parte dun proxecto galego-portugués que agora viu a luz nun libro recopilatorio editado polo Goberno autonómico.

Este ano, a **Campaña de Promoción da Lectura**, dirixida ós rapaces dende os 2 anos ata 1º de bacharelato, contou coa participación activa de preto de **2.000 alumnos e 140 mestres** das Escolas Infantís de A Pardela de Os Regos, As Galeras de Bastiagueiro, A Canteira de Perillo, Esquíu de Arillo, O Vilar de Nós, Cividáns de Mera e o Corgo de Dexo, os Colexios de A Rabadeira de Oleiros, Isidro Parga Pondal de Santa Cruz, Luís Seoane de Mera e Valle-Inclán de Perillo e os Institutos Miraflores de Oleiros, Neira Vilas de Perillo e María Casares de Santa Cruz.



■ Escolares oleirenses galardoados pola Xunta

Durante o transcurso da mesma desenvolvéronse numerosas actividades baseadas na realización de recitais de poesía, obradoiros de ilustración, lectura e cómic, ademais de proxeccións de documentais, manualidades e representacións teatrais. Gran aceptación tiveron os encontros de pais e nais promovidos para implicar e orientar ós principais educadores na difícil tarefa de compartir cos seus fillos tempo e espazo para o exercicio da lectura, un obxectivo alcanzado con creces cando se fala da **Hora do Conto**. Un programa dirixido a menores de 10 anos no que participaron 3.000 persoas, 2.100 rapaces e 900 pais, dende febreiro ata o pasado mes de xuño. Tal vez o segredo do seu éxito se deba á utilización de xogos, relatos e contacontos que logran atraer a atención de pequenos e maiores, ó tempo que facilitan a comprensión da lectura dun xeito lúdico e moi divertido.

Os adultos tamén tiveron as portas das bibliotecas abertas coa celebración, todos os mércores, das **tertulias literarias e talleres de lectura**, un movemento cidadán baseado na realización de debates e foros de opinión nos que se analizan, critican e comentan, ás veces cos propios autores, diversas obras da literatura galega, portuguesa e española. Todo un exercicio de lectura con invitación á reflexión incluída.

TEMPO DE FESTA NAS PARROQUIAS ▼

◆ Durante o verán as festas patronais e populares invaden todas as parroquias e localidades de Oleiros con celebracións gastronómicas, actuacións musicais e innumerables xogos e atraccións infantís. Todo coa finalidade de manter viva unha das tradicións históricas con máis arraigo na nosa terra, disfrutando dunhas xornadas de diversión, lecer e convivencia, só posibles grazas ó esforzo constante e ó traballo desinteresado dos centos de persoas que integran as comisións de festas e as entidades veciñais do Concello. Centos de veciños anónimos que inician, con moita antelación, os preparativos necesarios para a celebración dunhas festas nas que non faltarán unha variada programación de eventos nos que o consistorio colabora coa cesión de recursos e disposición de materiais. Para todos eles o noso agradecemento máis sincero e o recoñecemento público ó seu labor. ¡Que disfruten da festa!

AS VINDEIRAS CITAS

Mera: ● 21, 22 e 23 de xullo. O Carme
● 25, 26 e 27 de xullo. Santa Ana

O Carballo: ● 4, 5 e 6 de agosto. Sagrado Corazón de Xesús

Lorbé: ● 3, 4, 5 e 6 agosto. O Carme


Santa Cruz: ● 19, 20, 21 e 22 de agosto. O Santísimo

Perillo: ● 1, 2 e 3 de setembro. Santa María da Cabeza

Tamén no verán **USA O BUS COMARCAL PARA IR ÁS PRAIAS.**

■ **TODO SON VENTAXAS PARA TI** por comodidade, aforro, tranquilidade,...

■ **E PARA TODOS** pola fluidez no tráfico, redución de accidentes, melloras ambientais,...



TURISTAS CON DESPACHO PROPIO ▼

◆ É a nova oficina de Turismo do Concello de Oleiros, que está ubicada na Torre cadrada do Castelo de Santa Cruz en resposta á permanente demanda turística rexistrada no noso municipio ó longo de todo o ano, e notablemente incrementada durante os meses de verán. As novas dependencias están distribuídas en dous andares onde se sitúan unha oficina técnica, para o desenvolvemento de programas e actividades de todo tipo, e un departamento de atención ó público que ofrece ampla información dende o ámbito local ata o autonómico, reforzada coa implantación dunha pantalla táctil, capaz de axilizar o tempo de consulta, cedida pola Deputación de A Coruña. Ademais, en breve, esta oficina verá incrementada a dotación de persoal especializado con novas incorporacións gracias a un convenio coa Xunta de Galicia.



Corenta e catro quilómetros de extensión plasmados nunha nova oficina mais accesible, cómoda e directa, capaz de resolver as dúbidas dos máis desorientados e cubrir as necesidades de ocio dos máis aventureiros. Para os indecisos tamén haberá profesionais adicados á elaboración de ofertas de programacións alternativas para que o seu paso por Oleiros non resulte de balde. A data da inauguración será o vindeiro 8 de agosto. Boa estancia a todos.



MÚSICA E CINEMA BAIXO AS ESTRELAS ▼



◆ Para os que veñan e para os que xa están, as Concellerías de Turismo e Cultura organizan un extenso programa de eventos e actividades ó gusto de todos. Neste mes, por terceiro verán consecutivo, podemos disfrutar dos **concertos na rúa** que todos os venres e sábados pola noite se celebran simultaneamente nas localidades de Santa Cruz, Santa Cristina e Mera ata finais de agosto. Unha ocasión única para empaparse de diferentes estilos musicais que abarcan dende a cálidas rumbas pasando por auténticas sesións de jazz para rematar con aires de pop clásico e pop rock. Este ano haberá 70 actuacións paralelas entre as que destacan os espectáculos de malabares.

E os areais das tres localidades citadas anteriormente serán testemuñas, por segunda vez, do ciclo de cinema **ON&OFF**, unha serie de proxeccións das mellores curtas do 2005 que tamén serán sometidas a votación do público asistente. Os pases realizaranse todos os xoves dende o 14 de xullo ó 18 de agosto. Como novidade inclúese un obradoiro para a realización do vídeo clip que acompañará ó primeiro compacto do grupo musical que resultou gañador do I Certame Son -Ría para músicos noveis.



EN AGOSTO...OLEIROS ▼ POR MONTERA

◆ A última cita proposta polo Departamento de Turismo mestura deporte e competición con certas doses de curiosidade. Trátase da segunda edición do Concurso Hípico Concello de Oleiros, que terá lugar os días 26 e 27 de Agosto en Santa Cruz. A primeira xornada acollerá a celebración dun concurso, federado e puntuable, de salto de obstáculos, con 1.300 euros en premios entre os 10 primeiros, e a segunda un partido de horseball entre as seleccións de Galicia e Portugal, todo un espectáculo ó máis puro estilo británico. En ambos casos, o recinto permanecerá aberto ó público e os máis pequenos terán a posibilidade de disfrutar cos ponies no seu bautizo hípico.

ALFAROLEIROS: A FEIRA DA ARTESANÍA EN ESTADO PURO



◆ Do 2 ó 6 de Agosto, o *parque Luís Seoane de Santa Cruz* volverá a empaparse da tradición máis pura e antiga que dá nome ó noso concello. Máis de 20 artesáns procedentes de diversos puntos de Galicia e do resto da xeografía española daranse cita en **ALFAROLEIROS**, que este ano acada a XII edición da Feira de alfareiría e artesanía tradicional dende que iniciara a súa traxectoria no ano 1995 a raíz da posta en funcionamento do Museo de Os Oleiros.



Este evento supón, ademais do recoñemento e homenaxe ós centos de profesionais que aínda quedan en terras galegas e nalgúns comunidades españolas, o punto de encontro para aqueles oleiros que seguen a traballar o barro e a cerámica ata convertelos en arte. Un referente popular que non pasa desapercibido para ninguén pola peculiaridade dunha mostra que logra reunir un selecto grupo de alfareiros e centos de pezas clásicas, froito de horas de traballo e dun longo e coidadoso proceso forxado a man, cada vez máis difícil de ver e atopar.

As demostracións en vivo e a venda dos artigos expostos son os dous reclamos principais dos milleiros de personas que de mércores a domingo poderán visitar, un ano máis, unha exposición única en Galicia pola capacidade de reunir pezas chegadas de toda España, convertíndoa nunha mostra plural, rica e diversa na que conflúen os costumes e as tradicións de diferentes comunidades.

Paralelamente, a carón do Monumento aos Emigrantes organizaranse diversas actividades de carácter cultural postas en marcha polos distintos departamentos municipais implicados. Concertos musicais, sesións de cinema ou representacións teatrais na rúa como a que terá lugar o último día coa posta en escea do espectáculo "As cabras chouteiras", a cargo do grupo Os Festicultores, para tentar arrincar a propios e estranos a cabra que todos levamos dentro.

OLEIROS E POLONIA UNIDOS POLO IES MARÍA CASARES

◆ Vintecinco alumnos do IES María Casares, de Bastiagueiro, acaban de regresar hai uns días dunha viaxe a Polonia dentro dun programa de intercambio académico iniciado coa estancia en Oleiros doutros tantos rapaces polacos sorprendidos pola nosa política municipal de protección e mantemento medio ambiental. Durante quince días conviviron, descubriron e aprenderon os nosos costumes, paisaxes, gastronomía e unha filosofía de vida ás veces demasiado marcada pola retranscrición difícil de explicar e, sobre todo, de traducir.

Un pouco máis difícil o tivo a expedición oleirense durante a súa permanencia en terras polacas, tendo que facer fronte ó cambio horario e ás restricións nos hábitos de vida e conducta propios deste país centroeuropeo. Polo resto, todos coincidiron en destacar a amabilidade e xenerosidade das súas xentes, así como a riqueza histórica do seu patrimonio. Días inolvidables que, en ambos casos, serviron para enriquecer o coñecemento de dúas culturas distintas unidas para sempre polos lazos de amizade e convivencia promovidos polos centros educativos de ambas localidades baixo o marco común da comunidade europea. Moitas bágoas nas despedidas, pero unha grande satisfacción pola experiencia vivida que a todos deixou un doce sabor de boca.



■ Alumnos de Polonia e do IES María Casares estiveron cos responsables municipais

No 101.5 abrimos micrófonos para ti.

■ Todos os días ■ Toda a información ■ RADIOLEIROS ■ A RADIO DE AQUÍ




ASÍ MEDRA OLEIROS

CAPÍTULO II:

● Parroquia de Dorneda

O Campo de Golf e o entorno natural de Xaz



◆ O Plan Xeral recolle unha importante actuación urbanística nunha superficie de 1.146.735 m² amparada nun convenio mediante o que o Concello de Oleiros preservará do ladrillo, que se puideran dar nun futuro, 846.580 m² de solo dos que 580.000 se destinarán á creación dun campo de golf de 18 hoyos, 165.000 a Parque Forestal, 47.880 ó Parque do Castro de Xaz, 27.950 para o novo vial de conexión coa Vía Artabra, 14.950 para a ubicación dunha depuradora de augas fecais, que unha vez saneadas, servirán para regar o novo complexo deportivo e 10.880 m² que se

sumarán ó Parque Costeiro de Bastiagueiro. A zona residencial contemplada para este ámbito, colindante coa actual área urbana de Abeleiras, ocupará unha extensión de 300.340 metros cadrados de superficie con 5,3 viv./Ha. e un coeficiente de edificabilidade de 0,10 m²/ m² que irán destinados a vivenda residencial colectiva, con B+2, e terciario-comercial-hoteleiro-dotacional. O concello obterá o 10% da construción e participará coa mesma porcentaxe, procedente dos usos terciarios, como copropietario en proindiviso no ámbito do campo de golf. A nova urbanización equiparase cos servicos

urbanos precisos para garantir a calidade de vida e benestar dos seus residentes.

O Pazo de Xaz estará integrado no campo de golf e formará parte das súas instalacións sociais albergando a nova sede deste complexo deportivo.

A materialización deste actuación forma parte dun amplo e complexo proxecto de mellora das infraestruturas, equipamentos e servicos na parroquia de Dorneda o que redundará nun incremento da calidade de vida e benestar social de todos os veciños.